

**Programación didáctica**  
**Primeira Lingua Estranxeira II**  
**Inglés**  
**2º curso de bacharelato**

Departamento de Inglés

IES Santa Irene

Curso 2022/23

# Índice xeral

<b>Índice de cadros</b>	<b>3</b>
<b>1 Introducción</b>	<b>4</b>
1.1 Características do centro . . . . .	4
1.2 Características do alumnado . . . . .	5
1.3 Datos do departamento . . . . .	5
<b>2 Obxectivos, competencias, estándares e contidos</b>	<b>7</b>
2.1 Obxectivos para o curso . . . . .	7
2.2 Desenvolvemento das competencias clave . . . . .	7
2.2.1 Comunicación lingüística . . . . .	8
2.2.2 Competencia dixital . . . . .	9
2.2.3 Aprender a aprender . . . . .	10
2.2.4 Competencias sociais e cívicas . . . . .	11
2.2.5 Conciencia e expresións culturais . . . . .	11
2.3 Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis . . . . .	12
2.4 Secuenciación e temporización de contidos . . . . .	18
2.5 Elementos transversais . . . . .	22
2.6 Actividades complementarias e extraescolares . . . . .	22
<b>3 Metodoloxía</b>	<b>23</b>
3.1 Pautas xerais . . . . .	24
3.2 Materiais e recursos didácticos . . . . .	24
3.3 Medidas de atención á diversidade . . . . .	25
<b>4 Avaliación do alumnado</b>	<b>27</b>
4.1 Procedementos de avaliación . . . . .	27
4.2 Prevención da fraude . . . . .	29
4.3 Avaliación inicial . . . . .	29
4.4 Avaliación continua . . . . .	31
4.5 Proba extraordinaria . . . . .	33
4.6 Recuperación e avaliación de pendentes . . . . .	33
<b>5 Avaliación do ensino</b>	<b>35</b>
5.1 Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente . . . . .	35
5.2 Mecanismos de avaliación e revisión da programación didáctica . . . . .	35
<b>Lexislación e bibliografía</b>	<b>38</b>

# Índice de cadros

1.1	Profesorado por cursos, grupos e materias . . . . .	6
2.1	Estándares de comprensión de textos orais . . . . .	13
2.2	Estándares de produción de textos orais: expresión e interacción . . . . .	14
2.3	Estándares de comprensión de textos escritos . . . . .	15
2.4	Estándares de produción de textos escritos: expresión e interacción . . . . .	16
2.5	Estándares de coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural . . . . .	17
2.6	Temporización das unidades didácticas . . . . .	18
2.7	Contidos da unidade preliminar . . . . .	18
2.8	Contidos da unidade 1 . . . . .	19
2.9	Contidos da unidade 2 . . . . .	19
2.10	Contidos da unidade 3 . . . . .	20
2.11	Contidos da unidade 4 . . . . .	20
2.12	Contidos da unidade 5 . . . . .	21
2.13	Contidos da unidade 6 . . . . .	21
4.1	Rúbrica xenérica para a cualificación da expresión oral . . . . .	30
4.2	Rúbrica xenérica para a cualificación da expresión escrita . . . . .	30
4.3	Rúbrica xenérica para a cualificación de preguntas abertas de comprensión lectora . . . . .	31
4.4	Ponderación de contidos na avaliación continua . . . . .	32
4.5	Ponderación dos instrumentos de avaliación na avaliación continua . . . . .	32
5.1	Indicadores de logro do proceso de ensino . . . . .	36
5.2	Indicadores de logro da práctica docente . . . . .	36
5.3	Indicadores de logro da programación didáctica . . . . .	37

# 1 Introducción

A aprendizaxe de linguas estranxeiras contribúe grandemente ao desenvolvemento persoal e profesional do alumnado, permitíndolle coñecer novas culturas e ampliar os seus horizontes, comunicarse con xentes doutros países e acceder a novas fontes de información.

O inglés é unha lingua de orixe xermánica moi influenciada polo francés, as linguas clásicas e outras moitas linguas coas que foi entrando en contacto na súa longa evolución de máis de mil anos. Coa colonización de América do Norte e a expansión do Imperio Británico, a lingua inglesa foi estendéndose polo mundo, e na actualidade arredor de 400 millóns de persoas falan o inglés como lingua materna; outros 400 millóns téñeno como segunda lingua, e entre 600 e 700 millóns úsano habitualmente como lingua estranxeira (Crystal 2006).

No mundo globalizado de hoxe en día, no que inglés é a *lingua franca* nos ámbitos empresarial e académico, o seu dominio é unha necesidade para todos os mozos e mozas que non desexen ver severamente minguadas as súas oportunidades de desenvolvemento académico e profesional por unha competencia comunicativa insuficiente nesta lingua.

Como parte da Unión Europea, temos que recoñecer o papel clave das linguas estranxeiras na construción dunha identidade europea plurilingüe e multicultural. O Consello de Europa promove o desenvolvemento da competencia comunicativa en linguas estranxeiras como contribución ao desenvolvemento da idea de cidadanía europea. A este fin, no ano 2001 publicou o *Marco común europeo de referencia para as linguas* (MCER) (CE 2001), que define unha metodoloxía común para a aprendizaxe, ensino e avaliación da competencia nas diferentes linguas, adoptada amplamente por institucións públicas e privadas responsables do ensino e da certificación de competencias en linguas estranxeiras.

## 1.1 Características do centro

O IES Santa Irene está situado no número 7 da Praza de América, no centro no barrio vigués das Travesas. É un centro de titularidade pública que ofrece as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria (ESO) e bacharelato (nas modalidades de Ciencias, de Humanidades e de Ciencias Sociais), así como educación secundaria e bacharelato para persoas adultas. Figuran adscritos a este centro o CEIP Canicouva e o CEIP Plurilingüe Pintor Laxeiro.

O Instituto Santa Irene comezou a funcionar no curso 1945/46, sendo por tanto o centro de educación secundaria máis antigo da cidade de Vigo. O edificio que ocupa foi construído segundo o proxecto do arquitecto Antonio Cominges Tapias cos fondos legados á cidade para este fin por José Policarpo Sanz, que dispuxo que quedasen dispoñibles tralo falecemento da súa dona, Irene Ceballos, e que o instituto levase o nome de «Santa Irene» na súa memoria.

Trátase dunha construción con planta en forma de «E», buscando unha maior iluminación e ventilación do interior. A fachada principal segue un esquema ecléctico; a ornamentación céntrase no corpo

central cunha poderosa torre que actúa como elemento emblemático e referencial. O edificio conta cunha superficie total de 5.235 m<sup>2</sup> e consta de tres plantas e soto.

- Na planta baixa atópanse a secretaría, os despachos de dirección, o gabinete de orientación, os departamentos didácticos de Filosofía e Educación Física, seis aulas xerais, o salón de actos e a biblioteca.
- Na primeira planta están a sala de profesores, varios departamentos didácticos, dez aulas xerais e a aula de debuxo.
- Na segunda planta están os laboratorios de Física e Química e de Ciencias Naturais, os departamentos didácticos de Inglés, Francés, Latín e Grego, oito aulas xerais e unha aula de informática.
- No soto hai dúas aulas con equipos audiovisuais e unha aula de informática, ademais do almacén, o arquivo e o cuarto de caldeiras da calefacción.
- Hai ademais un edificio anexo coas aulas de Música e de Tecnoloxía, e unha cafetería situada no xardín posterior.
- No centro non hai instalacións deportivas, pero os alumnos dispoñen do Pavillón Municipal de Deportes e as súas instalacións anexas, que se atopan ao lado do instituto.

### 1.2 Características do alumnado

A finais do curso 2021/22, o centro contaba cun total de 741 alumnos e alumnas, 551 no réxime xeral-ordinario e 190 no réxime de adultos. Pódense destacar os datos seguintes:

- Do alumnado de réxime xeral-ordinario, 331 cursaban ESO e 220 bacharelato.
- Dado que o centro non dispón de transporte escolar, a maioría do alumnado reside na proximidade.
- O alumnado de ESO procede maioritariamente dos centros adscritos, pero no bacharelato hai moito alumnado procedente de centros concertados.
- Especialmente nos primeiros cursos de ESO, hai algúns alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)
- Do alumnado de réxime de adultos, 65 estaban matriculados en ensinanza secundaria e 125 en bacharelato, cunha media de idade de 23,02 e 20,90 anos, respectivamente, ao inicio do curso.

### 1.3 Datos do departamento

No cadro 1.1 preséntase a relación de materias impartidas polo departamento con indicación do profesorado que da clase en cada curso e grupo.

## 1 Introducción

---

Réxime	Curso	Grupos	Materia	Profesor/a
Xeral	1º ESO	A, B, C	Primeira Lingua Estranxeira: Inglés	Herminia Pérez Ferreiro
Xeral	2º ESO	A, B, C	Primeira Lingua Estranxeira: Inglés	Ruth Rodríguez de Diego
Xeral	3º ESO	A, B, C	Primeira Lingua Estranxeira: Inglés	Isabel Carmoega Taboada
Xeral	4º ESO	A, B, C	Primeira Lingua Estranxeira: Inglés	Isabel Carmoega Taboada
Xeral	1º bach.	A, B	Primeira Lingua Estranxeira I: Inglés	José Antonio Fernández Troncoso
Xeral	1º bach.	C, D, E	Primeira Lingua Estranxeira I: Inglés	Herminia Pérez Ferreiro
Xeral	1º bach.		Reforzo PLE I: Inglés	Herminia Pérez Ferreiro
Xeral	2º bach.	A, C	Primeira Lingua Estranxeira II: Inglés	José Antonio Fernández Troncoso
Xeral	2º bach.	B, D, E	Primeira Lingua Estranxeira II: Inglés	Ruth Rodríguez de Diego
Adultos	Módulo 3	A	Ámbito da Comunicación: Inglés	Elvira Rey Rodríguez
Adultos	Módulo 4	A	Ámbito da Comunicación: Inglés	Elvira Rey Rodríguez
Adultos	1º bach.	F	Primeira Lingua Estranxeira I: Inglés	Elvira Rey Rodríguez
Adultos	2º bach.	F, G, H	Primeira Lingua Estranxeira II: Inglés	Elvira Rey Rodríguez

Cadro 1.1: Profesorado por cursos, grupos e materias

## 2 Obxectivos, competencias, estándares e contidos

### 2.1 Obxectivos para o curso

A aprendizaxe da Primeira Lingua Estranxeira contribúe directamente ao logro dos seguintes obxectivos do bacharelato especificados no Decreto 86/2015 (Galicia–CCEOU 2015):

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

### 2.2 Desenvolvemento das competencias clave

De acordo co Decreto 86/2015 (Galicia–CCEOU 2015), as competencias clave forman parte do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato. Estas competencias clave establécense na Lei orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa (LOMCE) (España 2013), no Real decreto 1105/2014 (España–MECD 2015b), na Orde ECD/65/2015 (España–MECD 2015a) e na Recomendación

2006/962/EC (Europa 2006). Neste último documento as competencias defínense como unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes adecuados ao contexto; e as competencias clave, como aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoais, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.

A LOMCE (España 2013) define as competencias como capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. En consecuencia, o Real decreto 1105/2014 (España–MECD 2015b) establece as seguintes competencias do currículo:

1. Comunicación lingüística
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
3. Competencia dixital
4. Aprender a aprender
5. Competencias sociais e cívicas
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
7. Conciencia e expresións culturais

Estas sete competencias descríbense detalladamente na Orde ECD/68/2015 (España–MECD 2015a), que establece que todas as áreas ou materias do currículo deben contribuír ao seu desenvolvemento, o cal debe valorarse mediante os estándares de aprendizaxe avaliáveis correspondentes de cada área ou materia.

En consecuencia, e de acordo co disposto na Resolución do 26 de maio de 2022 (Galicia–CCEFP 2022b), preséntanse a continuación as competencias clave coas que se relaciona esta materia e, para cada unha delas, detállanse os estándares de aprendizaxe avaliáveis seleccionados para formar parte dos perfís competenciais.

### 2.2.1 Comunicación lingüística

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Estas situacións e prácticas poden implicar o uso dunha ou de varias linguas, en diversos ámbitos e de maneira individual ou colectiva. Para isto o individuo dispón do seu repertorio plurilingüe, parcial, pero axustado ás experiencias comunicativas que experimenta ao longo da vida. As linguas que utiliza puideron ter vías e tempos distintos de adquisición e constituír, por tanto, experiencias de aprendizaxe de lingua materna ou de linguas estranxeiras ou adicionais (España–MECD 2015a).

Para avaliar a adquisición desta competencia por parte do alumnado, o seu perfil competencial incluírá os seguintes estándares de aprendizaxe avaliáveis desta materia:

**PLEB1.1** Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal (por exemplo, declaracións ou mensaxes institucionais).

**PLEB1.5** Comprende a liña argumental, as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa extensión e complexidade sobre



temas educativos ou profesionais da súa área de interese, tanto concretos como abstractos, sempre que haxa marcadores que estruturen o discurso e guíen a comprensión.

**PLEB2.3** Participa con soltura en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente aos sentimentos que expresan os seus interlocutores; describe con detalle experiencias persoais e as súas reaccións ante elas; expresa con convicción crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica de maneira persuasiva as súas opinións e proxectos.

**PLEB2.6** Realiza unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, formulando preguntas complementarias ou respondendo a elas, reaccionando ante unha resposta que non entenda, e interactuando para pedir repeticións e confirmar a comprensión mutua.

**PLEB3.1** Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal (por exemplo, carteis, folletos, pancartas ou graffiti), educativo (por exemplo, carteis científicos) ou profesional (por exemplo, boletíns informativos ou documentos oficiais).

**PLEB3.6** Comprende a información, as ideas e as opinións implícitas en noticias e artigos xornalísticos e de opinión ben estruturados e de certa lonxitude que tratan dunha variedade de temas de actualidade ou máis especializados, tanto concretos como abstractos, dentro da súa área de interese, e localiza con facilidade detalles relevantes neses textos.

**PLEB4.1** Escribe informes en formato convencional e de estrutura clara relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento e as conclusións dun experimento, sobre un intercambio lingüístico, unhas prácticas ou un traballo de investigación), ou menos habituais (por exemplo, un problema xurdido durante unha estada no estranxeiro), desenvolvendo un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións, e achegando conclusións xustificadas.

**PLEB4.2** Describe un tema, un texto, un suceso ou un evento dando unha idea xeral que permita recoñecelo con claridade, explicando as súas partes ou circunstancias, e ofrecendo unha opinión persoal argumentada.

### **2.2.2 Competencia dixital**

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación para alcanzar obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade.

Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nun contorno dixital (España–MECD 2015a).

Para avaliar a adquisición desta competencia por parte do alumnado, o seu perfil competencial incluirá os seguintes estándares de aprendizaxe avaliáveis desta materia:

**PLEB2.2** Fai presentacións de certa duración sobre temas do seu interese educativo ou relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento dun experimento científico, ou unha análise de aspectos históricos, sociais ou económicos), cunha estrutura clara que axuda os oíntes a fixérense nos aspectos máis importantes, e demostrando seguridade á hora de contestar preguntas do auditorio formuladas con claridade e a velocidade normal.

**PLEB3.2** Comprende a información, a intención e as implicacións de notas e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs, nos que se transmiten e se xustifican de xeito detallado información, ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e dentro da súa área de interese.

**PLEB4.4** Escribe, en calquera soporte ou formato, un currículo detallado, xunto cunha carta de motivación (por exemplo, para ingresar nunha universidade estranxeira, ou presentarse como candidato/a a un posto de traballo).

**PLEB5.7** Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os comparta) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta.

### 2.2.3 Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais.

Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto exige, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender. Esta motivación depende de que se xere a curiosidade e a necesidade de aprender, de que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas de aprendizaxe propostas e, con isto, que se produza nel unha percepción de autoeficacia. Todo o anterior contribúe a motivalo para abordar futuras tarefas de aprendizaxe (España–MECD 2015a).

Para avaliar a adquisición desta competencia por parte do alumnado, o seu perfil competencial incluírá os seguintes estándares de aprendizaxe avaliáveis desta materia:

**PLEB1.4** Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a liñas de actuación e outros procedementos abstractos, sempre que poida confirmar o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre os aspectos ambiguos.

**PLEB2.1** Diferencia adecuadamente a produción do texto oral espontáneo (sintaxe limitada, estratexias de compensación, negociación do significado co interlocutor, etc.) do planificado, e considera as características que este comparte coa lingua escrita (planificación, redundancia informativa, elementos de cohesión, etc.).

**PLEB3.5** Entende, en textos de referencia e consulta, en soporte tanto impreso como dixital, información detallada sobre temas da súa especialidade nos ámbitos educativo ou ocupacional, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas en textos informativos oficiais, institucionais ou corporativos.

**PLEB5.6** Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e reconece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.

### 2.2.4 **Competencias sociais e cívicas**

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas (España–MECD 2015a).

Para avaliar a adquisición desta competencia por parte do alumnado, o seu perfil competencial incluírá os seguintes estándares de aprendizaxe avaliábeis desta materia:

**PLEB1.3** Comprende, en debates e conversas informais sobre temas habituais ou do seu interese, a postura ou punto de vista das persoas interlocutoras, así como algúns sentidos implícitos e matices como a ironía ou o humor.

**PLEB3.2** Comprende a información, a intención e as implicacións de notas e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs, nos que se transmiten e se xustifican de xeito detallado información, ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e dentro da súa área de interese.

**PLEB4.7** Escribe correspondencia persoal, en calquera soporte, e comunícase con seguridade en foros e blogs, transmitindo emoción, resaltando a importancia persoal de feitos e experiencias, e comentando de maneira persoal e detallada as noticias e os puntos de vista das persoas ás que se dirixe.

**PLEB5.8** Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.

### 2.2.5 **Conciencia e expresións culturais**

A competencia en conciencia e expresión cultural implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e desfrute persoal e considéralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica, igualmente, manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades (España–MECD 2015a).

Para avaliar a adquisición desta competencia por parte do alumnado, o seu perfil competencial incluírá os seguintes estándares de aprendizaxe avaliábeis desta materia:

**PLEB3.7** Comprende os aspectos principais, detalles relevantes, algunhas ideas implícitas e o uso poético da lingua en textos literarios que presenten unha estrutura accesible e unha linguaxe non moi idiomática, e nos que o desenvolvemento do tema ou da historia, os personaxes centrais e as súas relacións, ou o motivo poético, estean claramente sinalizados con marcadores lingüísticos doadamente recoñecibles.

**PLEB5.7** Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os comparta) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta.

**PLEB5.9** Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

### 2.3 Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis

Os estándares de aprendizaxe avaliáveis introdúcense no currículo coa Lei orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa (LOMCE) (España 2013). Segundo o Real decreto 1105/2014 (España-MECD 2015b), que desenvolve a LOMCE e determina o currículo básico da ESO e do bacharelato, estes estándares son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e concretan o que o estudante debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Precísase, ademais, que deben ser observables, medibles e avaliáveis, e que deben permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado e facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

Posteriormente, o Decreto 86/2015 (Galicia-CCEOU 2015) establece o currículo desta materia e organiza os seus estándares de aprendizaxe avaliáveis, xunto cos contidos e criterios de avaliación, en cinco bloques diferenciados:

1. Comprensión de textos orais
2. Produción de textos orais: expresión e interacción
3. Comprensión de textos escritos
4. Produción de textos escritos: expresión e interacción
5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

Nos cadros 2.1, 2.2, 2.3, 2.4 e 2.5 das páxinas 13–17 recóllense os estándares de aprendizaxe avaliáveis de cada bloque do currículo desta materia, concretando a súa temporización por avaliación, o grao mínimo de consecución para superar a materia, e os procedementos e instrumentos de avaliación, segundo o disposto na Resolución do 26 de maio de 2022 (Galicia-CCEFPU 2022b).

É preciso sinalar que a aprendizaxe dunha lingua estranxeira consiste basicamente na adquisición dunha serie de destrezas cuxos elementos deben polo xeral abordarse na aula de xeito integrado, tal e como se presentan habitualmente na vida real. Non ten sentido, por exemplo, abordar secuencialmente, unha tras outra, as catro destrezas básicas de comprensión oral, expresión oral, comprensión lectora e expresión escrita; nin tampouco, tratándose, por exemplo, da comprensión oral, adicarlle un mes seguido á comprensión de presentacións, seguido doutro mes dedicado á comprensión de textos gravados, etc. A metodoloxía do ensino de linguas estranxeiras require que a maioría destes elementos, e os

## 2 Obxectivos, competencias, estándares e contidos

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Temp.	Grao	Avaliación
<b>PLEB1.1</b> Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal (por exemplo, declaracións ou mensaxes institucionais).	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, observación na aula
<b>PLEB1.2</b> Identifica as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversas e debates relativamente extensos e animados entre varias persoas interlocutoras que teñen lugar na súa presenza, sobre temas xerais, de actualidade ou do seu interese, sempre que o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.	1, 2, 3	50%	Observación na aula
<b>PLEB1.3</b> Comprende, en debates e conversas informais sobre temas habituais ou do seu interese, a postura ou punto de vista das persoas interlocutoras, así como algúns sentidos implícitos e matices como a ironía ou o humor.	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, observación na aula
<b>PLEB1.4</b> Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a liñas de actuación e outros procedementos abstractos, sempre que poida confirmar o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre os aspectos ambiguos.	1, 2, 3	50%	Observación na aula
<b>PLEB1.5</b> Comprende a liña argumental, as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa extensión e complexidade sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, tanto concretos como abstractos, sempre que haxa marcadores que estruturen o discurso e guíen a comprensión.	1, 2, 3	50%	Observación na aula
<b>PLEB1.6</b> Comprende o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos medios de comunicación, relativo a temas de interese persoal, identificando o estado de ánimo, o ton e mesmo o humor do falante, sempre que o discurso estea articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar e a velocidade normal.	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, observación na aula

Cadro 2.1: Estándares de comprensión de textos orais

estándares correspondentes, se presenten dentro de cada unidade didáctica, ou en ciclos breves, e, por tanto, que todos eles figuren en cada unha das avaliacións do curso.

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Temp.	Grao	Avaliación
<b>PLEB2.1</b> Diferencia adecuadamente a produción do texto oral espontáneo (sintaxe limitada, estratexias de compensación, negociación do significado co interlocutor, etc.) do planificado, e considera as características que este comparte coa lingua escrita (planificación, redundancia informativa, elementos de cohesión, etc.).	1, 2, 3	50%	Observación na aula
<b>PLEB2.2</b> Fai presentacións de certa duración sobre temas do seu interese educativo ou relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento dun experimento científico, ou unha análise de aspectos históricos, sociais ou económicos), cunha estrutura clara que axuda os oíntes a fixérense nos aspectos máis importantes, e demostrando seguridade á hora de contestar preguntas do auditorio formuladas con claridade e a velocidade normal.	1, 2, 3	50%	Observación na aula
<b>PLEB2.3</b> Participa con soltura en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente aos sentimentos que expresan os seus interlocutores; describe con detalle experiencias persoais e as súas reaccións ante elas; expresa con convicción creencias, acordos e desacordos, e explica e xustifica de maneira persuasiva as súas opinións e proxectos.	1, 2, 3	50%	Observación na aula
<b>PLEB2.4</b> Toma parte adecuadamente en conversas formais, entrevistas, reunións e debates de carácter educativo ou ocupacional, achegando e pedindo información relevante e detallada sobre aspectos concretos e abstractos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos; explicando os motivos dun problema complexo e pedindo e dando instrucións ou suxestións para resolvelo; desenvolvendo argumentos de forma comprensible e convincente e comentando as contribucións dos interlocutores; opinando e facendo propostas xustificadas sobre futuras actuacións.	1, 2, 3	50%	Observación na aula
<b>PLEB2.5</b> Participa na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos.	1, 2, 3	50%	Observación na aula
<b>PLEB2.6</b> Realiza unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, formulando preguntas complementarias ou respondendo a elas, reaccionando ante unha resposta que non entenda, e interactuando para pedir repeticións e confirmar a comprensión mutua.	1, 2, 3	50%	Observación na aula

Cadro 2.2: Estándares de produción de textos orais: expresión e interacción

2 Obxectivos, competencias, estándares e contidos

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Temp.	Grao	Avaliación
<b>PLEB3.1</b> Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal (por exemplo, carteis, folletos, pancartas ou graffiti), educativo (por exemplo, carteis científicos) ou profesional (por exemplo, boletíns informativos ou documentos oficiais).	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, observación na aula
<b>PLEB3.2</b> Comprende a información, a intención e as implicacións de notas e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs, nos que se transmiten e se xustifican de xeito detallado información, ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e dentro da súa área de interese.	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, observación na aula
<b>PLEB3.3</b> Comprende instrucións extensas e complexas dentro da súa área de interese ou a súa especialidade, incluíndo detalles sobre condicións e advertencias, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre instrumentos de medición ou de procedementos científicos).	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, observación na aula
<b>PLEB3.4</b> Comprende os detalles relevantes e as implicacións de correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos, sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e educativo, dentro da súa área de interese ou a súa especialidade.	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, observación na aula
<b>PLEB3.5</b> Entende, en textos de referencia e consulta, en soporte tanto impreso como dixital, información detallada sobre temas da súa especialidade nos ámbitos educativo ou ocupacional, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas en textos informativos oficiais, institucionais ou corporativos.	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, observación na aula
<b>PLEB3.6</b> Comprende a información, as ideas e as opinións implícitas en noticias e artigos xornalísticos e de opinión ben estruturados e de certa lonxitude que tratan dunha variedade de temas de actualidade ou máis especializados, tanto concretos como abstractos, dentro da súa área de interese, e localiza con facilidade detalles relevantes neses textos.	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, observación na aula
<b>PLEB3.7</b> Comprende os aspectos principais, detalles relevantes, algunhas ideas implícitas e o uso poético da lingua en textos literarios que presenten unha estrutura accesible e unha linguaxe non moi idiomática, e nos que o desenvolvemento do tema ou da historia, os personaxes centrais e as súas relacións, ou o motivo poético, estean claramente sinalizados con marcadores lingüísticos doadamente recoñecibles.	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, observación na aula

Cadro 2.3: Estándares de comprensión de textos escritos

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Temp.	Grao	Avaliación
<b>PLEB4.1</b> Escribe informes en formato convencional e de estrutura clara relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento e as conclusións dun experimento, sobre un intercambio lingüístico, unhas prácticas ou un traballo de investigación), ou menos habituais (por exemplo, un problema xurdido durante unha estada no estranxeiro), desenvolvendo un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións, e achegando conclusións xustificadas.	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, rúbrica
<b>PLEB4.2</b> Describe un tema, un texto, un suceso ou un evento dando unha idea xeral que permita recoñecelo con claridade, explicando as súas partes ou circunstancias, e ofrecendo unha opinión persoal argumentada.	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, rúbrica
<b>PLEB4.3</b> Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para matricularse nunha universidade, solicitar un traballo, abrir unha conta bancaria ou tramitar un visado).	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, rúbrica
<b>PLEB4.4</b> Escribe, en calquera soporte ou formato, un currículo detallado, xunto cunha carta de motivación (por exemplo, para ingresar nunha universidade estranxeira, ou presentarse como candidato/a a un posto de traballo).	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, rúbrica
<b>PLEB4.5</b> Toma notas co suficiente detalle durante unha conferencia, unha charla ou un seminario, e elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas, sempre que o tema estea relacionado coa súa especialidade e o discurso estea ben estruturado.	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, rúbrica
<b>PLEB4.6</b> Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información detallada, explicacións, reaccións e opinións sobre temas persoais, educativo ou ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía.	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, rúbrica
<b>PLEB4.7</b> Escribe correspondencia persoal, en calquera soporte, e comunícase con seguridade en foros e blogs, transmitindo emoción, resaltando a importancia persoal de feitos e experiencias, e comentando de maneira persoal e detallada as noticias e os puntos de vista das persoas ás que se dirixe.	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, rúbrica
<b>PLEB4.8</b> Escribe, en calquera soporte, cartas formais de carácter educativo ou profesional dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información, describe a súa traxectoria educativa ou profesional e as súas competencias, e explica e xustifica co suficiente detalle os motivos das súas accións e dos seus plans (por exemplo, carta de motivación para matricularse nunha universidade estranxeira, ou para solicitar un posto de traballo), respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, rúbrica

Cadro 2.4: Estándares de produción de textos escritos: expresión e interacción



2 *Obxectivos, competencias, estándares e contidos*

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Temp.	Grao	Avaliación
<b>PLEB5.1</b> Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático.	1, 2, 3	50%	Observación na aula
<b>PLEB5.2</b> Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación.	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, rúbrica
<b>PLEB5.3</b> Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural.	1, 2, 3	50%	Observación na aula
<b>PLEB5.4</b> Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (por exemplo, para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo defectuoso), sempre que poida pedir confirmación.	1, 2, 3	50%	Observación na aula
<b>PLEB5.5</b> Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan.	1, 2, 3	50%	Observación na aula
<b>PLEB5.6</b> Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e reconece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, rúbrica
<b>PLEB5.7</b> Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os comparta) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta.	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, observación na aula
<b>PLEB5.8</b> Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.	1, 2, 3	50%	Proba escrita, proba en liña, observación na aula
<b>PLEB5.9</b> Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	1, 2, 3	50%	Observación na aula

Cadro 2.5: Estándares de coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

Unidade didáctica	Data de inicio	N.º de clases
0	12 setembro 2022	5
1	22 setembro 2022	10
2	18 outubro 2022	13
3	21 novembro 2022	12
4	9 xaneiro 2023	15
5	13 febreiro 2023	13
6	20 marzo 2023	16

Cadro 2.6: Temporización das unidades didácticas

Bloque	Contidos
B1	<b>Estratexias de comprensión:</b> comprensión oral dunha conversación.
B2	<b>Estratexias de produción:</b> interacción oral co compañeiro/a para falar das vacacións de verán.
B3	<b>Estratexias de comprensión:</b> comprensión escrita do contido dun blog sobre a candidatura dunha estudante á presidencia escolar nunha clase de EE. UU.; procura de sinónimos no blog.
B5	<b>Léxico:</b> repaso do vocabulario aprendido no nivel anterior a través de diversas actividades. <b>Estruturas sintáctico-discursivas:</b> repaso dos tempos verbais aprendidos no nivel anterior mediante diversas actividades: tempos presentes, pasados, perfectos e futuros.

Cadro 2.7: Contidos da unidade preliminar

## 2.4 Secuenciación e temporización de contidos

Para a súa doada asimilación, os contidos desta materia, definidos no Decreto 86/2015 (Galicia–CCEOU 2015), distribúense en seis unidades didácticas precedidas dunha unidade preliminar, segundo se detalla nos cadros 2.7, 2.8, 2.9, 2.10, 2.11, 2.12, 2.13 das páxinas 18–21. En cada trimestre desenvolveranse dúas unidades didácticas, precedidas da unidade preliminar no primeiro trimestre; o tempo repartirase aproximadamente a partes iguais para cada unidade, excepto para a unidade preliminar, que contará cun tempo menor, segundo se detalla no cadro 2.6.

Aínda que o Real decreto 1105/2014 (España–MECD 2015b) dispón que o curso escolar debe ter como mínimo 175 días lectivos, no 2º curso de bacharelato esta cifra redúcese sensiblemente para axustarse ao calendario das probas de avaliación de bacharelato para o acceso a universidade (ABAU). Baseándonos na experiencia de anos previos, podemos tomar como referencia un total de 150 días lectivos ou 30 semanas e, por tanto, arredor de 90 clases desta materia: o número exacto depende dos días da semana en que coincidan as clases, os festivos e as vacacións. Con todo, o tempo dispoñible para o desenvolvemento das unidades didácticas é máis reducido, pois hai que descontar, cando menos, as clases de presentación e de despedida, as actividades extraescolares e a realización e revisión de probas; o que nos deixa arredor de 25 clases por trimestre.

2 Obxectivos, competencias, estándares e contidos

Bloque	Contidos
B1	<b>Estratexias de comprensión:</b> comprensión oral dunha conferencia sobre o travel hacking; comprensión oral dunha entrevista en dúas partes sobre o Concorde e realización dun exercicio para adiviñar datos sobre o mesmo; vídeo sobre un ano sabático.
B2	<b>Estratexias de produción:</b> expresión oral a través da descrición da súa viaxe soñada ao compañeiro/a; aprendizaxe de varias expresións ou fórmulas para falar sobre viaxes; conversación co compañeiro/a para decidir unha opción de viaxe, utilizando as expresións aprendidas.
B3	<b>Estratexias de comprensión:</b> identificación das características dunha reportaxe especial e diferenciación da mesma cos artigos de noticias; comprensión escrita dunha reportaxe sobre os blogs de varios viaxeiros e realización de varias actividades para demostrar a súa comprensión; procura de sinónimos na reportaxe.
B4	<b>Estratexias de produción:</b> información introdutoria sobre os textos descritivos, lectura dun texto descritivo sobre a illa de Santorini e realización de varias actividades para demostrar que coñecen as características deste tipo de textos; redacción dun texto descritivo sobre un lugar no que estivesen ou que lles gustaría visitar.
B5	<b>Patróns sonoros:</b> pronuncia correcta dos sons /dʒ/, /j/ e /g/. <b>Funcións comunicativas:</b> vídeo ilustrativo sobre como facer recomendacións. <b>Léxico:</b> aprendizaxe da formación de adxectivos compostos e práctica do seu uso a través dunha actividade; comprensión e aplicación do vocabulario clave sobre as viaxes; información sobre os adxectivos e distintos tipos de adverbios, e realización de varias actividades relacionadas con eles. <b>Estruturas sintáctico-discursivas:</b> explicación do que son os sintagmas preposicionais e práctica do seu uso a través de varias actividades; aprendizaxe e uso correcto do Present Perfect Continuous e o Past Perfect Continuous.

Cadro 2.8: Contidos da unidade 1

Bloque	Contidos
B1	<b>Estratexias de comprensión:</b> comprensión oral dun programa de radio onde resolven cuestións relacionadas coa saúde; comprensión oral do que din cinco persoas sobre os seus traballos; vídeo sobre a diminución do número de abellas.
B2	<b>Estratexias de produción:</b> práctica da expresión oral co compañeiro/a, sobre consellos relacionados coa saúde; conversación co compañeiro/a para describir e falar sobre dúas fotografías, utilizando as expresións ou fórmulas aprendidas.
B3	<b>Estratexias de comprensión:</b> identificación da intención do texto; comprensión escrita dunha entrevista a unha doutora sobre descubrimentos médicos e realización de diversas actividades para demostrar a súa comprensión; procura de sinónimos na entrevista.
B4	<b>Estratexias de produción:</b> información introdutoria sobre os ensaios de opinión, lectura dun ensaio de opinión sobre o imposto do azucre no Reino Unido e realización de varias actividades para demostrar que entenden como se estrutura este tipo de ensaios; redacción dun ensaio de opinión sobre o vexetarianismo.
B5	<b>Patróns sonoros:</b> pronuncia correcta dos sons /n/ e /ŋ/. <b>Funcións comunicativas:</b> vídeo ilustrativo da compra dun billete de tren. <b>Léxico:</b> comprensión e aplicación do vocabulario clave sobre a saúde; explicación dos distintos tipos de phrasal verbs (transitivos e intransitivos) e práctica do seu uso a través de varias actividades; aprendizaxe de substantivos seguidos de preposición e práctica a través dunha actividade. <b>Estruturas sintáctico-discursivas:</b> uso correcto das oracións condicionais, as temporais e as desiderativas; aprendizaxe e práctica dos conectores de causa, consecutivos e de finalidade.

Cadro 2.9: Contidos da unidade 2

2 *Obxectivos, competencias, estándares e contidos*

Bloque	Contidos
B1	<b>Estratexias de comprensión:</b> comprensión oral dunha reportaxe de radio sobre o cine; comprensión oral dunha conferencia sobre o uso dos efectos especiais nas películas; vídeo sobre as mulleres que practican o automobilismo. vídeo ilustrativo sobre un rexistro nun hotel e resposta a dúas preguntas relacionadas co vídeo.
B2	<b>Estratexias de produción:</b> práctica da expresión oral de suxestións sobre plans para a fin de semana e respostas ás mesmas co compañeiro/a; práctica dunha entrevista co compañeiro/a utilizando as preguntas que se dan e dúas que inventen eles, e as expresións ou fórmulas aprendidas.
B3	<b>Estratexias de comprensión:</b> escaneo do texto para localizar distintos datos; lectura dun blog sobre o papel da muller no cine ao longo dos tempos; procura de antónimos no blog.
B4	<b>Estratexias de produción:</b> información introdutoria sobre o obxectivo de críticas cinematográficas, lectura dunha crítica cinematográfica e realización de varias actividades para demostrar que comprenden como se estruturan; información e reflexión sobre a lonxitude das frases en textos e realización de varias actividades para demostrar a súa comprensión; redacción dunha crítica cinematográfica.
B5	<b>Patróns sonoros:</b> pronuncia correcta dos sons /eə/ e /ɪə/. <b>Léxico:</b> comprensión e aplicación do vocabulario clave sobre o cine; aprendizaxe de collocations de verbos con substantivos, e práctica a través de actividades. <b>Estruturas sintáctico-discursivas:</b> uso correcto da causativa e a voz pasiva; información sobre o uso do xerundio e do infinitivo, e práctica a través de actividades.

Cadro 2.10: Contidos da unidade 3

Bloque	Contidos
B1	<b>Estratexias de comprensión:</b> comprensión oral dunha conversación en dúas partes, entre dous estudantes que falan sobre plans para o verán; comprensión oral dunha entrevista de radio en dúas partes, na que se menciona unha nova forma de gañar diñeiro; vídeo no que axudan a unha muller a lidar co seu estresante traballo; comprensión oral do que di un guía turístico sobre un edificio de Londres.
B2	<b>Estratexias de produción:</b> práctica da expresión oral de opinións sobre os plans de futuro relacionados coa carreira profesional; comprensión escrita de dous anuncios de emprego e práctica dunha entrevista de traballo co compañeiro/a.
B3	<b>Estratexias de comprensión:</b> inferir información dun texto; lectura dun relato sobre o traballo nunha oficina dos anos 40 na India e os seus efectos negativos sobre a vida familiar dun empregado; procura de sinónimos no relato e realización dunha actividade para demostrar a comprensión do vocabulario proposto.
B4	<b>Estratexias de produción:</b> información sobre o uso das cartas ou correos electrónicos formais, lectura dunha carta formal e realización de varias actividades para demostrar que comprenden como se estruturan; información e reflexión sobre o uso da linguaxe formal fronte ao uso da linguaxe informal e realización de varias actividades para demostrar a súa comprensión; redacción dunha carta para solicitar un emprego.
B5	<b>Patróns sonoros:</b> pronuncia correcta dos sons /ɜ:/ e /ʊə/. <b>Léxico:</b> comprensión e aplicación do vocabulario clave sobre o traballo e as profesións; aplicación correcta do vocabulario relacionado co traballo e as profesións, a través de diversos exercicios. <b>Estruturas sintáctico-discursivas:</b> uso correcto das oracións de relativo explicativas e das oracións de relativo especificativas; aprendizaxe do uso dos pronomes reflexivos, e práctica a través de actividades.

Cadro 2.11: Contidos da unidade 4

2 *Obxectivos, competencias, estándares e contidos*

Bloque	Contidos
B1	<b>Estratexias de comprensión:</b> comprensión oral dunha entrevista en tres partes, na que se fala dun heroe fóra do común; comprensión oral dunha conversación na que varias persoas falan sobre delitos; vídeo ilustrativo no que se fan compras de agasallos e resposta a dúas preguntas relacionadas co vídeo.
B2	<b>Estratexias de produción:</b> práctica da expresión oral co compañeiro/a, acerca de opinións sobre as normas do seu colexio ou país; conversación co compañeiro/a para comparar e contrastar dúas fotografías, utilizando as expresións ou fórmulas aprendidas e o vocabulario do exercicio anterior.
B3	<b>Estratexias de comprensión:</b> lectura dunha revista en liña sobre varias leis que produciron o efecto contrario ao esperado; procura de antónimos na revista en liña.
B4	<b>Estratexias de produción:</b> información introdutoria sobre os ensaios argumentativos, lectura dun texto sobre a existencia do xurado nos tribunais, para determinar un veredicto fronte á existencia dun único xuíz, e realización de varias actividades para demostrar que comprenden as características e a estrutura dos textos argumentativos; redacción dun ensaio argumentativo.
B5	<b>Patróns sonoros:</b> pronuncia correcta das diferentes formas de son do conxunto de letras ough dentro de diferentes palabras; práctica adicional destes sons e dos tritongos aɪə e ɔɪə. <b>Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</b> vídeo sobre leis británicas insólitas. <b>Léxico:</b> comprensión e aplicación do vocabulario clave sobre as leis e a orde pública; aprendizaxe de phrasal verbs e práctica a través de actividades; información sobre varias frases feitas ou modismos propios da lingua inglesa e práctica a través de actividades. <b>Estruturas sintáctico-discursivas:</b> uso correcto dos verbos modais, os modais perfectos; información sobre os conectores de adición, os que indican contraste e os que introducen exemplos, e realización de varias actividades para demostrar a súa comprensión.

Cadro 2.12: Contidos da unidade 5

Bloque	Contidos
B1	<b>Estratexias de comprensión:</b> comprensión oral do que din cinco persoas durante o furacán Harvey; comprensión oral do que din varios mozos respectuosos co ambiente, en tres partes; vídeo sobre a subida do nivel do mar; vídeo ilustrativo sobre unha entrevista.
B2	<b>Estratexias de produción:</b> práctica da expresión oral de opinións sobre o que deberían levar nunha mochila en caso de evacuación por un furacán; conversación co compañeiro/a para expresar o que pensan sobre cuestións relacionadas co ambiente, utilizando o vocabulario, expresións ou fórmulas aprendidas.
B3	<b>Estratexias de comprensión:</b> tratar de pescudar o significado de palabras do texto; lectura dun informe sobre os creadores do parque Plistoceno de Siberia; procura de sinónimos no informe.
B4	<b>Estratexias de produción:</b> información introdutoria sobre os resumos, lectura dun texto sobre a xeoenxeñería como medio para solucionar os problemas climáticos e realización de varias actividades para demostrar que comprenden as características do uso da paráfrase en textos; explicación de que é a paráfrase e realización de varias actividades para demostrar a súa comprensión; redacción dun resumo dun informe.
B5	<b>Patróns sonoros:</b> identificación de silent letters dentro de diferentes palabras, para a súa correcta pronuncia. <b>Léxico:</b> comprensión e aplicación do vocabulario clave sobre o ambiente; aprendizaxe de verbos seguidos de preposición e práctica a través de actividades; explicación do que son as expresións binomiais e práctica a través de actividades. <b>Estruturas sintáctico-discursivas:</b> uso correcto do estilo indirecto.

Cadro 2.13: Contidos da unidade 6

## 2.5 Elementos transversais

Os elementos transversais do currículo son contidos que, segundo o Decreto 86/2105 (Galicia–CCEOU 2015), deben traballarse en todas as materias pola súa importancia formativa de cara á consecución dos obxectivos da etapa. Cómpre, por tanto, de acordo con disposto na Resolución do 26 de maio de 2022 (Galicia–CCEFPU 2022b), concretar os elementos transversais que se abordarán no desenvolvemento desta materia, que serán os seguintes:

1. Comprensión lectora. Lectura e comprensión de textos de diferentes tipos en diferentes soportes. Comprensión global e comprensión específica.
2. Expresión oral e escrita. Conversación e simulación de interaccións reais. Elaboración de presentacións e discursos. Técnicas retóricas: invención, disposición, elocución, memorización e pronunciación.
3. Comunicación audiovisual. Uso da imaxe o do son para potenciar e comunicar significados diversos. Uso dos símbolos, das iconas, da música e da canción.
4. Tecnoloxías da información e da comunicación. Uso das TIC para a aprendizaxe de linguas. Busca de información na web e análise da súa fiabilidade. Procesamento de textos e correctores ortográficos e gramaticais.
5. Emprendemento. Fomento do espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
6. Educación cívica e constitucional. Adquisición dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, e o respecto aos dereitos humanos.
7. Prevención da discriminación e da violencia. Prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera outra forma de violencia, racismo ou xenofobia.
8. Educación e seguridade viaria. Coñecemento dos dereitos e deberes dos usuarios das vías, en calidade de peóns, viaxeiros e condutores de bicicletas ou vehículos a motor. Respecto das normas e dos sinais. Fomento da convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

## 2.6 Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares desta materia forman parte da programación xeral anual do centro e, en consecuencia, relaciónanse detalladamente no documento correspondente.

## 3 Metodoloxía

Aínda que a Lei orgánica 8/21013 para a mellora da calidade educativa (LOMCE) (España 2013) declarase no seu preámbulo que «a lei apoia decididamente o plurilingüismo, redobrando os esforzos para conseguir que os estudantes se desenvolvan con fluidez polo menos nunha primeira lingua estranxeira», o certo é que o ensino desta primeira lingua estranxeira segue a realizarse nunhas circunstancias moi complicadas. En particular, a metodoloxía empregada debe afrontar os seguintes importantes desafíos:

1. Clases moi numerosas. A aprendizaxe dunha lingua estranxeira consiste na adquisición dunha serie de destrezas prácticas que requiren atención individualizada e, especialmente no caso das destrezas de comunicación oral, non se poden traballar adecuadamente con 30–35 alumnos/as por aula, o que supón menos de 2 minutos de atención individual ao alumno/a por parte do profesorado en cada clase.
2. Clases moi heteroxéneas. A mestura de alumnado con diferentes niveis de competencia lingüística e comunicativa nunha mesma aula fai moi complicado escoller actividades adecuadas para todos. Como consecuencia, existe o risco de que algúns alumnos e alumnas, que tamén estudan a lingua estranxeira en academias de idiomas, se aburran e se desmotiven, e que outros, que arrastran carencias de cursos anteriores, se desanimen pola dificultade crecente da materia. Arbitrar «métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo», como ordena o Decreto 86/2015 (Galicia–CCEOU 2015), non é unha tarefa tan doada de facer como de dicir, e moito menos aínda en clases tan numerosas. Non esquezamos que non estamos a falar de adquirir coñecementos declarativos por medio do estudio, senón da adquisición dun conxunto de destrezas sofisticadas que precisan da práctica activa.
3. Alumnado desmotivado e disruptivo. Aprender unha lingua estranxeira require un esforzo considerable. Segundo Desveaux (2017), precísanse aproximadamente 200 horas de aprendizaxe guiada para progresar dun nivel do MCER (CE 2001) ao seguinte. A moitos alumnos e alumnas non lles resulta doado atopar unha motivación intrínseca adecuada para realizar este esforzo, e non resulta fácil motivalos externamente. Algúns incluso adoptan unha conduta disruptiva, distraendo aos compañeiros e dificultando aínda máis o labor do profesorado.

Tendo presentes estas dificultades, e considerando os resultados de estudos recentes no campo da lingüística aplicada que apoian a adopción dun enfoque comunicativo combinado con explicacións formais (por exemplo Lightbown e Spada 2006), así como os principios metodolóxicos establecidos no Decreto 86/2015 (Galicia–CCEOU 2015), a metodoloxía empregada para o ensino desta materia concretarase nas pautas metodolóxicas xerais esbozadas na sección seguinte.

### 3.1 Pautas xerais

A programación didáctica desenvolverase de acordo cos seguintes principios metodolóxicos xerais. O profesorado da materia poderá adaptar a metodoloxía a cada caso concreto, segundo estime conveniente.

**Enfoque comunicativo** Promoverase a aprendizaxe da lingua estranxeira como instrumento de comunicación mediante a realización de actividades prácticas que supoñan un intercambio comunicativo xenuíno ou simulen situacións de comunicación reais.

**Atención á forma** Prestaráselle atención explícita á gramática e ao léxico da lingua para asegurar o desenvolvemento da competencia lingüística necesaria. A realimentación correctiva axustarase ao tipo de práctica (controlada ou libre) e á importancia ou persistencia do erro. Realizaranse exercicios prácticos de diversos tipos: completar frases, transformación, tradución, etc

**Destrezas básicas** Todas as unidades didácticas incluírán actividades prácticas estruturadas das catro destrezas básicas: escoitar, falar, ler e escribir. Realizaranse exercicios prácticos de diversos tipos: responder preguntas de comprensión, conversación, ditado, redacción, etc.

**Uso do inglés** O inglés será a lingua de instrución principal na aula. As linguas galega ou castelá só se utilizarán como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.

**Metodoloxía activa** Empregarase unha metodoloxía activa e participativa que favoreza o traballo individual e cooperativo do alumnado.

**Traballo en equipo** As actividades realizadas en parellas ou grupos multiplican o tempo de práctica oral do alumnado; son especialmente axeitadas para clases numerosas e heteroxéneas.

**Motivación** Empregaranse materiais acordes cos intereses do alumnado para estimular a súa motivación, especialmente materiais audiovisuais como cancións ou vídeos.

**Autonomía** Realizaranse actividades que, na medida do posible, teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e favorezan a autonomía do alumnado de cara a aprendizaxe da lingua estranxeira.

**Uso das TIC** Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe, en particular da aula virtual e de Google Workspace for Education (Gmail, Google Drive, Classroom, etc.).

**Proxectos** Poderán realizarse proxectos e outras actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado desenvolver máis dunha competencia ao mesmo tempo.

### 3.2 Materiais e recursos didácticos

Relaciónanse a continuación os materiais e recursos didácticos que se empregarán no desenvolvemento da programación desta materia. O libro de texto é o recurso principal: ofrece materiais adecuados na lingua estranxeira de xeito conveniente para o alumnado e o profesorado. Os recursos electrónicos son complementarios e o profesorado da materia fará uso dos que estime convenientes.



**Libro de texto** Elizabeth Grant e Alan Williams (2019). *Make the Grade 2: Student's Book*. Libro de texto de 2º bacharelato desde o curso 2020/21. Limassol (Chipre): Burlington Books. ISBN: 978-9925-30-143-0.

**Libro de lectura** Sara Paretsky (2008). *Deadlock*. Oxford Bookworms Library: Stage 5. Libro de lectura de 2º bacharelato desde o curso 2020/21. Oxford: Oxford University Press. ISBN: 978-0-19-479221-9.

**Encerado dixital interactivo** Todas as aulas dispoñen dun encerado dixital interactivo que permite a completa integración nas clases dos materiais audiovisuais e das TIC. O libro de texto conta cunha versión dixital para o EDI que facilita a realización das actividades e mantén centrada a atención do alumnado.

**Aula virtual** O instituto dispón dunha aula virtual en liña onde o profesorado pode crear cursos cunha morea de actividades de diferentes tipos (apuntamentos, tarefas, cuestionarios, etc.) e con distintas finalidades (reforzo, consolidación, ampliación, avaliación, etc.).

**Google Workspace for Education** Trátase dun paquete de ferramentas de produtividade de Google para colaborar na aula, entre as que se inclúen Gmail, Classroom, Documentos e Drive. A administración das aplicacións e dos usuarios é realizada polo IES Santa Irene no seu dominio propio de Internet (iessantairene.es). Cada alumno e alumna ten o seu enderezo de correo electrónico propio neste dominio. As aplicacións poden empregarse para realizar todo tipo de actividades de xeito electrónico: apuntamentos, exercicios, cuestionarios, diarios, cadernos, redaccións, etc. Á diferenza da aula virtual, Google Workspace for Education permite unha atención máis flexible e individualizada.

**Fichas fotocopiáveis** Os materiais para o profesorado do libro de texto inclúen numerosas fichas fotocopiáveis de diferentes niveis que poderán usarse para reforzo, consolidación ou ampliación dos contidos.

**Outros materiais** Poderán usarse, así mesmo, outros materiais diversos seleccionados polo profesorado: materiais impresos, gravacións, vídeos, etc.

### 3.3 Medidas de atención á diversidade

A Lei orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa (LOMCE) (España 2013), ao tratar sobre o alumnado con *necesidade específica de apoio educativo* (NEAE), dispón que as administracións deberán asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. Como causa desta necesidade de atención educativa diferente á ordinaria, menciónanse as circunstancias seguintes:

1. as necesidades educativas especiais,
2. as dificultades específicas de aprendizaxe,
3. as altas capacidades intelectuais,
4. a incorporación tardía ao sistema educativo, e

5. as condicións persoais ou de historia escolar.

Os centros docentes adoptarán as medidas de intervención máis adecuadas tras a identificación e valoración do alumnado con NEAE, que deberá realizarse o antes posible, segundo dispón o Decreto 86/2015 (Galicia–CCEOU 2015).

Ademais, a Lei orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa (LOMCE) (España 2013) dispón que tanto na ESO como no bacharelato se establecerán as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais.

Así mesmo, con relación ao ensino e avaliación da lingua estranxeira, o Decreto 86/2015 (Galicia–CCEOU 2015) dispón que se establecerán medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas para o alumnado con discapacidade, en especial para o que presente dificultades na súa expresión oral, e que estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.

En consecuencia, á parte do tratamento da diversidade contemplado nas pautas metodolóxicas xerais (§ 3.1), o profesorado desta materia adoptará as medidas concretas necesarias, ou as considere máis apropiadas tendo en conta os recursos dispoñibles, para responder á diversidade do seu alumnado. Entre estas medidas figurarán as seguintes:

**Actividades de reforzo** Poderán realizarse actividades de reforzo e consolidación co alumnado que non progrese adecuadamente. Poderán usarse as fichas de materiais fotocopiados do libro de texto ou fichas preparadas polo profesorado. Tamén poderán realizarse as actividades por medios electrónicos como a aula virtual ou Google Workspace for Education, que incluso permiten crear cuestionarios que ofrezan realimentación inmediata.

**Actividades de ampliación** Poderán realizarse actividades de ampliación de contidos co alumnado que teña unha competencia na lingua estranxeira moi superior á do resto do alumnado do seu grupo. Poderán usarse os mesmos medios impresos ou electrónicos que no caso anterior, a realización de traballos sobre libros, películas, etc.

**Adaptación dos procedementos de avaliación** No caso do alumnado diagnosticado con necesidades educativas especiais, os procedementos de avaliación adaptaranse segundo corresponda, incrementando o tempo de realización das probas ou empregando probas ou instrumentos de avaliación alternativos.

**Adaptación do currículo** No caso do alumnado diagnosticado con necesidades educativas especiais, con dificultades específicas de aprendizaxe ou con discapacidade, especialmente para a comprensión ou expresión oral, o profesorado da materia, en colaboración co departamento de orientación, propondrá a realización dunha adaptación do currículo que poderá afectar tanto aos contidos como aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe avaliados.

## 4 Avaliación do alumnado

### 4.1 Procedementos de avaliación

Os procedementos empregados para a avaliación inicial, continua e extraordinaria do alumnado consistirán na aplicación dos **instrumentos de avaliación** que, de entre os que se relacionan seguidamente, o profesorado estime máis apropiados para cada caso.

**Proba escrita presencial** Consiste nunha serie de preguntas ou tarefas que o alumnado deberá resolver por escrito, aínda que os estímulos das tarefas ou preguntas poidan darse por outros medios. As tarefas poden consistir en ler un texto, escoitar unha gravación, redactar un texto, facer un ditado, completar, traducir ou transformar frases, ou calquera outra tarefa realizada en clase. As preguntas poden ser de resposta aberta, de resposta pechada, de selección múltiple, ou de calquera outro tipo utilizado en clase.

**Proba oral presencial** Consiste na realización dunha tarefa que permita avaliar directamente a capacidade de expresión ou interacción oral do alumnado. A tarefa pode consistir nun discurso, presentación ou diálogo breves, ou calquera outra tarefa realizada en clase.

**Proba telemática** Consiste nunha proba escrita que se realiza a distancia mediante a aula virtual do centro ou o servizo de Google Workspace for Education no dominio `iessantairene.es`. Úsase como alternativa ás probas presenciais cando estás non se poden aplicar, e organízase habitualmente dentro do horario da materia. A experiencia do curso 2019/20 asínanos que a incidencia de fraude é elevada neste tipo de probas, xa que non se pode asegurar nin sequera a identidade da persoa que as realiza. En consecuencia, sempre que sexa posible tenderase a minimizar a súa ponderación e usaranse en conxunción con outros instrumentos de avaliación.

**Proba diagnóstica** Trátase dunha proba presencial ou telemática cuxa finalidade non é cualificar ao alumno, senón obter información global ou pormenorizada da competencia lingüística do alumnado. Nunha escola con clases moi numerosas, a proba diagnóstica global permite identificar posibles alumnos ou alumnas con necesidades específicas de atención educativa co obxecto de sometelos a un estudio máis detallado.

**Traballo** Consiste na preparación de materiais para a súa avaliación. Os materiais elaborados poden ser de tipos moi diversos, desde unha redacción sinxela preparada individualmente ata un vídeo realizado por un equipo.

**Actividade telemática** Consiste na realización ou participación nunha actividade organizada nunha plataforma de ensino a distancia, como a aula virtual do centro ou o servizo de Google Workspace for Education no dominio `iessantairene.es`. Estas actividade poden adoptar formas e

contidos moi diversos, desde a redacción dun texto breve nun documento de texto ata o envío de fotografías do traballo do alumnado no seu caderno ou a participación en foros.

**Rúbrica** As rúbricas son simplemente escalas de cualificación das producións orais ou escritas do alumnado. Hainas de dous tipos: sintéticas, coas que o profesorado valora o proceso ou produto en conxunto, e analíticas, coas que o profesorado puntúa os diferentes aspectos por separado e logo suma as puntuacións para obter o total correspondente (Mertler 2001).

As rúbricas sintéticas úsanse habitualmente cando poden tolerarse erros dunha parte do proceso se a cualidade do produto final é alta. Son probablemente máis apropiadas cando o alumnado realiza unha tarefa creativa e cando non hai unha resposta correcta definitiva. Un exemplo deste tipo de rúbricas son as guías de cualificación dos exercicios de redacción do exame TOEFL (ETS 2014).

As rúbricas analíticas prefírense normalmente cando se busca unha resposta máis concreta e a creatividade non é unha característica esencial das respostas do alumnado. Ofrecen maior realimentación pero reducen significativamente a velocidade da avaliación. Un exemplo deste tipo de rúbricas son os criterios de avaliación da segunda tarefa de redacción do exame IELTS (IELTS 2017).

Nesta programación inclúense rúbricas xenéricas para a cualificación da expresión oral (cadro 4.1), da expresión escrita (cadro 4.2) e das preguntas abertas de comprensión lectora (cadro 4.3), que, en caso necesario, poderán ser adaptadas polo profesorado para adecualas a actividades concretas.

**Caderno de clase** O alumnado debe ter un caderno de clase onde tomen apuntamentos, fagan exercicios diversos e rexistren as actividades realizadas, seguindo sempre as indicacións do profesorado. Este caderno, que poderá ser virtual nas aulas Abalar, pode tamén ser usado polo profesorado como instrumento de avaliación.

**Observación na aula** A observación do traballo do alumnado na aula é un instrumento de avaliación importante para valorar a actitude e o esforzo do alumnado, así como o seu desempeño en expresión e interacción oral.

**Produción** As producións orais ou escritas do alumnado en clase poden servir para a observación na aula, pero tamén poden usarse en procedementos de avaliación alternativa como a autoavaliación e a coavaliación, así como na avaliación inicial.

**Cuestionario** Os cuestionarios consisten nunha serie de preguntas realizadas ao alumnado co fin de obter información que permita orientar a acción docente e detectar necesidades específicas de apoio educativo. Poden facerse na lingua estranxeira ou combinar preguntas en castelán ou galego e na lingua estranxeira co fin realizar unha avaliación preliminar da expresión escrita nesta lingua. Son, por tanto, instrumentos moi útiles para realizar a avaliación inicial.

**Expediente académico** A revisión do expediente académico do alumnado novo é un procedemento moi útil na avaliación inicial que permite en ocasións coñecer información moi importante que, doutro xeito, podería pasar desapercibida.

## 4.2 Prevención da fraude

Para garantir unha avaliación xusta e equitativa, o alumnado deberá ter presentes as consideracións e normas seguintes:

1. O plaxio é un engano, unha fraude, e como tal choca de fronte cos fins da educación e produce resultados de avaliación inxustos. A fraude de calquera tipo nas probas, nos traballos, ou en calquera outro instrumento de avaliación, constitúe, por tanto, unha práctica intolerable, que debe ser sancionada de xeito exemplar.
2. Non é necesario que o profesorado descubra a fraude no momento no que se comete: bastará como proba un análise contrastivo das respostas ou do traballo do alumnado que leve á conclusión de que a existencia de fraude é a única explicación razoable de, polo menos, algunhas desas respostas ou parte dese traballo.
3. O intento de cometer fraude será equiparable a todos os efectos á fraude consumada.
4. Serán sancionados todos os alumnos e alumnas implicados na fraude, non só o alumnado que se beneficie del.
5. Durante a realización das probas orais e escritas, o alumnado terá os seus teléfonos móbiles e outros dispositivos dixitais apagados e gardados nas súas mochilas ou carteiras. Se non teñen onde gardalos, entregaranllos ao profesorado. O incumprimento desta norma considerárase intento de fraude.
6. A fraude será sancionada coa cualificación mínima na proba ou instrumento correspondente. En caso de reincidencia, cada fraude implicará ademais a redución dun punto na cualificación trimestral correspondente.

## 4.3 Avaliación inicial

Nos primeiros días do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado a fin de diagnosticar posibles dificultades individuais ou colectivas e de axustar a acción docente ás necesidades dos seus alumnos e alumnas. Cada profesor/a determinará que procedementos dos indicados na sección 4.1 son os máis apropiados para realizar esta avaliación en cada grupo de alumnos/as en función das circunstancias particulares do grupo. Dado que o obxectivo desta avaliación non é cualificar ao alumnado, senón obter información para orientar a actividade docente, os procedementos seguintes poden considerarse especialmente apropiados:

1. Revisión do expediente do alumnado novo co fin de coñecer a cualificación obtida na materia en cursos anteriores e, no seu caso, as medidas de reforzo educativo adoptadas.
2. Cuestionario que permita coñecer os intereses e motivación do alumnado en relación ao aprendizaxe da lingua estranxeira, así como as súas fortalezas e debilidades.
3. Proba diagnóstica global breve similar a un *placement test* seguida de un estudio máis detallado do alumnado que teña resultados atípicos.

#### 4 Avaliación do alumnado

Puntos	Descrición
9-10	Desenvolve a tarefa con fluidez. Non hai pausas, interrupcións nin vacilacións excesivas. A pronunciación, a entoación, o ritmo e o volume son adecuados. O discurso é claro, organizado e relevante, con detalles, argumentos ou exemplos adecuados. Emprega un vocabulario apropiado e non hai erros sintácticos importantes.
7-8	Desenvolve a tarefa adecuadamente. Pode haber pausas, interrupcións ou vacilacións ocasionais sen incidencia na comprensión. A pronunciación, a entoación, o ritmo e o volume son case sempre adecuados. O discurso é, en xeral, claro, organizado e relevante, con suficientes detalles, argumentos ou exemplos. Emprega un vocabulario apropiado e non hai erros sintácticos importantes.
5-6	Desenvolve a tarefa de xeito limitado. Pode haber pausas, interrupcións, vacilacións ou defectos de pronunciación, entoación, ritmo ou volume que dificulten ocasionalmente a comprensión. O discurso pode ser ocasionalmente confuso, desorganizado, repetitivo ou irrelevante. Poden faltar detalles, argumentos ou exemplos. Emprega un vocabulario limitado e pode haber erros sintácticos importantes.
3-4	Non logra desenvolver a tarefa adecuadamente. Hai pausas, interrupcións, vacilacións ou defectos de pronunciación, entoación, ritmo ou volume que dificultan a comprensión. O discurso é, ás veces, confuso, desorganizado, repetitivo ou irrelevante. Faltan detalles, argumentos ou exemplos. Emprega un vocabulario desapropiado e hai erros sintácticos importantes.
1-2	Non desenvolve a tarefa de ningún xeito aceptable. Hai moitas pausas, interrupcións, vacilacións ou defectos de pronunciación, entoación, ritmo ou volume que dificultan a comprensión. O discurso é moi breve, confuso, desorganizado, repetitivo ou irrelevante. Emprega un vocabulario desapropiado e hai erros sintácticos importantes.
0	Non responde á tarefa ou a resposta non está relacionada coa tarefa asignada.

Cadro 4.1: Rúbrica xenérica para a cualificación da expresión oral

Puntos	Descrición
9-10	Desenvolve moi ben a tarefa. O texto é claro, coherente, organizado, cohesionado e relevante en toda a súa extensión, con detalles, argumentos ou exemplos adecuados. Os recursos lingüísticos son apropiados e variados. Case non hai erros. Causa unha impresión moi boa ou excelente.
7-8	Desenvolve ben a tarefa. O texto é, en xeral, claro, coherente, organizado, cohesionado e relevante, con suficientes detalles, argumentos ou exemplos. Os recursos lingüísticos son, en xeral, apropiados e razoablemente variados. Hai poucos erros. O texto lese con interese e facilidade.
5-6	Desenvolve a tarefa de xeito limitado. O texto pode ser ocasionalmente confuso, repetitivo, incoherente ou irrelevante. Poden faltar detalles, argumentos ou exemplos. Os recursos lingüísticos son limitados e ocasionalmente inadecuados. Pode haber abundantes erros. O texto cumpre a súa función de xeito simple, esixindo certo esforzo por parte do lector.
3-4	Non logra desenvolver a tarefa adecuadamente. O texto ten partes confusas, repetitivas, incoherentes e/ou irrelevantes. Faltan detalles, argumentos ou exemplos. Os recursos lingüísticos son limitados e inadecuados. Pode haber palabras inventadas baseadas na lingua materna. Hai moitos erros. O lector ten que facer un esforzo considerable para comprender o texto.
1-2	Non desenvolve a tarefa de ningún xeito aceptable. O texto é moi breve ou ten partes moi confusas, repetitivas, incoherentes ou irrelevantes. Os recursos lingüísticos son moi limitados e inadecuados. Hai moitos erros, que indican un escaso coñecemento da lingua. O lector ten moita dificultade para comprender o texto.
0	Non responde á tarefa ou a resposta non está relacionada coa tarefa asignada.

Cadro 4.2: Rúbrica xenérica para a cualificación da expresión escrita

#### 4 Avaliación do alumnado

Puntos	Contido	Forma
2	A resposta é apropiada e completa, e indica unha boa comprensión do texto e da pregunta.	A resposta é gramaticalmente completa e non ten erros importantes.
1	A resposta omite información relevante, inclúe información irrelevante, responde a pregunta indirectamente ou indica unha comprensión parcial do texto ou da pregunta.	A resposta non é gramaticalmente completa ou ten un erro importante.
0	A resposta indica que o alumno non comprendeu a parte relevante do texto ou a propia pregunta.	A resposta ten dous ou máis erros importantes, ou ten un só erro importante pero non é gramaticalmente completa.
	A resposta é ambigua, confusa ou incomprendible e non se pode determinar se o alumno comprendeu o texto ou non.	A resposta límitase practicamente a copiar fragmentos do texto, se cadra con modificacións menores, sen case usar as propias palabras.
Non hai resposta.		

*Non se puntuará a forma se a puntuación do contido é cero.*

Cadro 4.3: Rúbrica xenérica para a cualificación de preguntas abertas de comprensión lectora

Unha vez realizada a avaliación inicial, adoptaranse, en caso necesario, as medidas de atención á diversidade máis adecuadas de entre as descritas na sección 3.3, coa conformidade do alumnado e os seus pais, nais ou titores legais, e co asesoramento do departamento de orientación e a xefatura de estudos. Ditas medidas son as seguintes:

1. Actividades de reforzo educativo para o alumnado que teña dificultades de aprendizaxe ou cuxa competencia lingüística na lingua estranxeira estea moi por debaixo do nivel da maioría do grupo.
2. Actividades de ampliación para aqueles alumnos e alumnas cuxa competencia lingüística na lingua estranxeira estea moi por encima do nivel da maioría do grupo.
3. Adaptación dos procedementos de avaliación, se procede, no caso do alumnado diagnosticado con necesidades educativas especiais.
4. Adaptación do currículo, se procede, no caso do alumnado diagnosticado con necesidades educativas especiais, con dificultades específicas de aprendizaxe ou con discapacidade, especialmente para a comprensión ou expresión oral.

#### 4.4 Avaliación continua

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de bacharelato será continua e diferenciada segundo as distintas materias, de acordo coa Lei orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa (LOMCE) (España 2013). O Real decreto 1105/2014 (España–MECD 2015b) dispón ademais que os resultados da avaliación das materias se expresarán mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais, considerándose negativas as cualificacións inferiores a cinco.

De acordo co proxecto educativo do centro, a aprendizaxe do alumnado avaliarase tres veces ao longo do curso, coincidindo a última vez coa sesión de avaliación final ordinaria. En cada ocasión o

Contidos	Ponderación
Bloque 1. Comprensión de textos orais	50%
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción	
Bloque 3. Comprensión de textos escritos	
Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción	
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural	50%

Cadro 4.4: Ponderación de contidos na avaliación continua

Instrumentos de avaliación	Ponderación
Probas	90%
Tarefas e actividades prácticas	10%

Cadro 4.5: Ponderación dos instrumentos de avaliación na avaliación continua

profesorado avaliará o desempeño do alumnado con respecto dos estándares de aprendizaxe avaliábeis e dos contidos descritos nas seccións 2.3 e 2.4. Aínda que cada avaliación se centrará nos estándares e contidos impartidos desde a avaliación anterior, tamén poderá avaliarse a consolidación de contidos previos, incluíndo nos instrumentos de avaliación utilizados outros estándares e contidos impartidos desde o principio de curso.

**Cualificacións trimestrais** En cada trimestre as puntuacións obtidas polo alumnado nos instrumentos de avaliación utilizados normalizaranse no intervalo 0,00–10,00 e aplicaráselles as ponderacións recollidas nos cadros 4.4 e 4.5 a fin obter a puntuación trimestral, que será un número de dúas cifras decimais entre 0,00 e 10,00.

Para obter una avaliación trimestral positiva, é necesario que o alumnado obteña unha puntuación trimestral mínima de 4,50 puntos e que, ademais, demostre un grao de desempeño mínimo do 35% en tres bloques de contidos diferentes, polo menos. Neste caso, a cualificación da avaliación obterase redondeando a puntuación trimestral ao número enteiro máis próximo no intervalo 5–10. No caso contrario, se a avaliación é negativa, a cualificación da avaliación obterase redondeando a puntuación trimestral ao número enteiro máis próximo no intervalo 0–4.

**Cualificación final ordinaria** A fin de valorar o esforzo continuado do alumnado, esencial para a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, a cualificación final ordinaria debe reflectir o desempeño do alumnado ao longo de todo o curso. Por outra parte, por tratarse dun sistema de avaliación continua, e considerando que os contidos desta materia teñen carácter progresivo, a avaliación positiva no terceiro trimestre supón a superación da materia, polo que **non se farán probas específicas de recuperación**.

En consecuencia, para outorgar a cualificación final ordinaria, calcularase primeiro a puntuación trimestral media e procederase do xeito seguinte:

1. Se a puntuación trimestral media é igual ou superior a 4,50 puntos:
  - a) A cualificación final obterase redondeando esta puntuación trimestral media ao número enteiro máis próximo no intervalo 5–10, sempre e cando a puntuación do último trimestre



- sexa igual ou superior a 4,00 puntos e o alumnado demostrase un grao de desempeño mínimo do 35% en tres bloques de contidos diferentes, como mínimo, ao longo de dito trimestre.
- b) Noutro caso, a cualificación final será de 4 puntos.
2. Se a puntuación trimestral media é inferior a 4,50 puntos:
- a) A cualificación final será de 5 puntos se a puntuación do último trimestre é igual ou superior a 4,50 puntos, sempre que ademais o alumnado demostrase un grao de desempeño mínimo do 35% en tres bloques de contidos diferentes, como mínimo, ao longo de dito trimestre.
- b) Noutro caso, a cualificación final obterase redondeando a puntuación trimestral media ao número enteiro máis próximo no intervalo 0–4.

## 4.5 Proba extraordinaria

De acordo coa Orde do 20 de maio de 2022 (Galicia–CCEFPU 2022a), entre os días 19 e 21 de xuño de 2023 terá lugar a proba extraordinaria prevista pola Lei orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa (LOMCE) (España 2013) para darlle ao alumnado que non superou a avaliación final ordinaria a oportunidade de recuperar a materia.

Esta proba extraordinaria consistirá nunha proba escrita deseñada para avaliar os estándares de aprendizaxe avaliáveis e os contidos descritos nas seccións 2.3 e 2.4, respectivamente, elaborada segundo se detalla na sección 4.1. Non obstante, debido a dificultades prácticas, excluíranse da proba todos os estándares e contidos do bloque 2 (produción de textos orais: expresión e interacción). A ponderación de contidos realizarase igual que na avaliación ordinaria, segundo se indica no cadro 4.4.

Para superar a avaliación extraordinaria, é necesario que o alumnado obteña unha puntuación mínima de 4,50 puntos na proba correspondente e que, ademais, demostre un grao de desempeño mínimo do 35% en tres bloques de contidos diferentes, polo menos. Neste caso, a cualificación da avaliación obterase redondeando a puntuación obtida na proba ao número enteiro máis próximo no intervalo 5–10. Noutro caso, a cualificación da avaliación obterase redondeando a puntuación obtida na proba ao número enteiro máis próximo no intervalo 0–4. Segundo o disposto no Real decreto 1105/2014 (España–MECD 2015b), cando o alumnado non se presente á proba extraordinaria consignarase «non presentado» (NP) nos documentos oficiais de avaliación.

## 4.6 Recuperación e avaliación de pendentes

O alumnado de segundo curso coa materia *Primeira Lingua Estranxeira I: Inglés* pendente de primeiro curso seguirá un programa de actividades de recuperación coordinado a través da aula virtual do centro e aplicado polo profesorado de inglés do alumnado no segundo curso de bacharelato tomando como referente a programación didáctica do curso pasado.

En cada un dos dous primeiros trimestres o alumnado, ademais de completar as tarefas do curso virtual, deberá realizar unha proba escrita sobre os contidos do trimestre correspondente especificados en dito curso. A cualificación parcial trimestral corresponderá ao 90% da cualificación da proba máis o 10% da cualificación das tarefas, e redondearase ao número enteiro máis próximo no intervalo 0–10.

Unha vez realizada a segunda avaliación parcial, calcularase a cualificación final correspondente, que consistirá na media aritmética das dúas cualificacións parciais redondeada ao número enteiro máis

próximo no intervalo 0–10. O alumnado que trala segunda avaliación parcial non obteña unha cualificación final igual ou superior a 5 puntos poderá realizar a proba final disposta no Calendario Escolar deste curso (Galicia–CCEFPU [2022a](#)) antes da avaliación final ordinaria de 2º bacharelato, segundo o calendario que publicará a Xefatura de Estudos do centro. Neste caso, a cualificación final ordinaria da materia pendente consistirá na cualificación obtida nesta proba.

O alumnado avaliado negativamente na avaliación final ordinaria poderá presentarse á proba extraordinaria do mes de xuño a fin de tratar de superar a materia na avaliación extraordinaria. Esta proba extraordinaria elaborárase e avaliarase segundo se describe na sección [4.5](#).

## **5 Avaliación do ensino**

### **5.1 Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente**

O proceso de ensino e a práctica docente serán avaliados regularmente nas reunións mensuais de departamento, especialmente na última reunión do mes de xuño, onde se determinarán as conclusións que serán trasladadas á memoria final. Para avaliar o proceso de ensino empregaranse os indicadores recollidos no cadro 5.1, e para avaliar a práctica docente, os indicadores do cadro 5.2.

### **5.2 Mecanismos de avaliación e revisión da programación didáctica**

A programación didáctica tamén será avaliada regularmente nas reunións mensuais de departamento de acordo cos indicadores recollidos no cadro 5.3. Tomarase nota das propostas de revisión que se realicen nestas reunións e na reunión final do mes de xuño valoraranse de novo de cara a incorporalas á programación do curso seguinte. As conclusións máis salientables serán recollidas na memoria final.

## 5 Avaliación do ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborador do alumnado dentro do grupo.				
13. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				

Cadro 5.1: Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino–aprendizaxe.				
10. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas, traballos, etc.				
11. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
13. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
14. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
15. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
16. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación, etc.				

Cadro 5.2: Indicadores de logro da práctica docente

5 Avaliación do ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporización das unidades didácticas, temas ou proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
7. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
8. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
9. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
10. Adecuación do libro de texto.				
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
12. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
13. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
14. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
15. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
18. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
19. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
20. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
21. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
22. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
23. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
24. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
25. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Cadro 5.3: Indicadores de logro da programación didáctica

## Lexislación e bibliografía

- Consello de Europa (2001). *Common European Framework of Reference for Languages: Learning, Teaching, Assessment*. Cambridge University Press. ISBN: 978-0-521-80313-7. URL: <https://rm.coe.int/1680459f97>.
- Crystal, David (2006). «English worldwide». En: *A History of the English Language*. Editado por Richard Hogg e David Denison. Cambridge University Press. Capítulo 9, páxinas 420–439. URL: <https://books.google.es/books?id=0SMIngEACAAJ>.
- Desveaux, Stephanie (2017). *Guided Learning Hours*. Cambridge English Support Site. URL: <https://support.cambridgeenglish.org/hc/en-gb/articles/202838506-Guided-learning-hours> (accedido o 26/07/2017).
- Educational Testing Service (2014). *TOEFL iBT Test. Independent Writing Rubrics. Integrated Writing Rubrics*. URL: [https://www.ets.org/s/toefl/pdf/toefl\\_writing\\_rubrics.pdf](https://www.ets.org/s/toefl/pdf/toefl_writing_rubrics.pdf).
- España (2013). «Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa». En: *Boletín Oficial del Estado* (10 de decembro de 2013). Suplemento en lingua galega ao núm. 295. URL: [http://www.boe.es/boe\\_gallego/dias/2013/12/10/pdfs/BOE-A-2013-12886-G.pdf](http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2013/12/10/pdfs/BOE-A-2013-12886-G.pdf).
- España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (2015a). «Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato». En: *Boletín Oficial del Estado* (29 de xaneiro de 2015). Suplemento en lingua galega ao núm. 25. URL: [https://www.boe.es/boe\\_gallego/dias/2015/01/29/pdfs/BOE-A-2015-738-G.pdf](https://www.boe.es/boe_gallego/dias/2015/01/29/pdfs/BOE-A-2015-738-G.pdf).
- (2015b). «Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato». En: *Boletín Oficial del Estado* (3 de xaneiro de 2015). Suplemento en lingua galega ao núm. 3. URL: [http://www.boe.es/boe\\_gallego/dias/2015/01/03/pdfs/BOE-A-2015-37-G.pdf](http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2015/01/03/pdfs/BOE-A-2015-37-G.pdf).
- Europa (2006). «Recomendación del Parlamento Europeo y del Consejo, de 18 de diciembre de 2006, sobre las competencias clave para el aprendizaje permanente (2006/962/CE)». En: *Diario Oficial da Unión Europea* (30 de decembro de 2006). URL: <http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:32006H0962&from=ES>.
- Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (2015). «Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia». En: *Diario Oficial de Galicia* (29 de xuño de 2015). URL: [http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20150629/AnuncioG0164-260615-0002\\_g1.pdf](http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20150629/AnuncioG0164-260615-0002_g1.pdf).
- Galicia. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (2022a). «Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia». En: *Diario Oficial de Galicia*

- (2 de xuño de 2022). URL: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220602/AnuncioG0655-240522-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220602/AnuncioG0655-240522-0001_gl.pdf).
- Galicia. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (2022b). «Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23». En: *Diario Oficial de Galicia* (20 de xuño de 2022). URL: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220620/AnuncioG0655-090622-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220620/AnuncioG0655-090622-0001_gl.pdf).
- Grant, Elizabeth e Alan Williams (2019). *Make the Grade 2: Student's Book*. Libro de texto de 2º bacharelato desde o curso 2020/21. Limassol (Chipre): Burlington Books. ISBN: 978-9925-30-143-0.
- IELTS (2017). *Writing Task 2 Band Descriptors (public version)*. URL: <https://www.ielts.org/-/media/pdfs/writing-band-descriptors-task-2.ashx>.
- Lightbown, Patsy M. e Nina Spada (2006). *How Languages are Learned*. 3ª edición. Oxford: Oxford University Press. ISBN: 978-0-19-442224-6.
- Mertler, Craig A. (2001). «Designing Scoring Rubrics for Your Classroom». En: *Practical Assessment, Research & Evaluation* 7.25. ISSN: 1531-7714. URL: <http://pareonline.net/getvn.asp?v=7&n=25>.
- Paretsky, Sara (2008). *Deadlock*. Oxford Bookworms Library: Stage 5. Libro de lectura de 2º bacharelato desde o curso 2020/21. Oxford: Oxford University Press. ISBN: 978-0-19-479221-9.